



INFORMACIÓN SOBRE PRAZO E MODO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES PARA PARTICIPAR NO PROCESO SELECTIVO DE TÉCNICO/A SUPERIOR INFORMÁTICA - ACCESO LIBRE

1 PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

O acordo da Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo de data 12 de marzo de 2021 na que se aproban as bases xerais sinala:

“Base 5.3.- O prazo de presentación das solicitudes será de vinte (20) días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no *Boletín Oficial do Estado* (BOE)”

Publicándose extracto da convocatoria no BOE núm. 126, do 27.05.2021 o **prazo de presentación de solicitudes abre ás 00:00 do día 28 de maio e remata as 23:59 horas do día 16 de xuño de 2021.**

2 FORMA E LUGAR DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES (BASE XERAL 5.2)

a) Presentación telemática: na Sede Electrónica da Deputación de Lugo accedendo ao Catálogo de Servizos – Recursos Humanos, onde figura o modelo oficial de solicitude - relación de méritos.

Para este trámite será necesario contar con certificado electrónico e que os documentos que se deben incorporar coa solicitude sexan orixinais con código de verificación.

Deberase presentar:

- 1.- Solicitude de participación - relación de méritos, non debendo presentar as acreditacións documentais dos méritos relacionados, xa que unicamente as presentarán as persoas aspirantes que superen a fase de oposición.
- 2.- Os documentos auténticos, validados ou compulsados relacionados na base xeral 5.

b) Presentación presencial: no Rexistro Xeral da Deputación de Lugo, pedindo cita previa a través do número de teléfono 982 260 030, ou en calquera outro lugar dos sinalados no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O día da presentación deberán levar:



DEPUTACIÓN DE LUGO

1.- Solicitude de participación - relación de méritos, non debendo presentar as acreditacións documentais dos méritos relacionados, xa que unicamente as presentarán as persoas aspirantes que superen a fase de oposición.

2.- Os documentos auténticos relacionados na base xeral 5.

3 DOCUMENTACIÓN QUE DEBERÁ ACOMPAÑAR Á SOLICITUDE (BASE XERAL 5)

a) A **titulación académica oficial** esixida na base específica 5.1.

b) **O DNI**, pasaporte, tarxeta de residencia, así como calquera outro documento acreditativo de nacionalidade co alcance do establecido no artigo 57 do Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido do estatuto básico do empregado público.

c) **O nivel de galego** esixido na base específica 5.2. No suposto de non acreditalo deberá realizar a proba regulada na base específica 7.4.

d) O documento acreditativo do **pago da taxa** de participación en procedementos selectivos (Base Xeral 5.5).

Contía da taxa: 15€ ou 3,75€ si se presenta certificado do servizo público de emprego que acredite a condición de persoa desempregada xunto coa de non percibir prestación de desemprego na súa modalidade contributiva.

Forma de pagamento: en efectivo na Tesouraría da Deputación de Lugo debendo pedir cita previa a través do número de teléfono 982 260 017, ou ben mediante xiro postal ou transferencia bancaria ao número de conta ES04 2080 0163 8531 1000 0423 de Abanca.

e) **Certificado de discapacidade** no suposto de solicitar adaptación de probas ou participar en listaxe de emprego reservados a persoas con discapacidade.

Para calquera aclaración ou dúbida pode chamar a Sección de Selección, Promoción e Carreira da Deputación Provincial a través de calquera dos seguintes números de teléfono 982 260 082 - 982 260 198 - 982 260 043.

A XEFA DA SECCIÓN DE SELECCIÓN, PROMOCIÓN E CARREIRA